


6 Utiliza a información do texto para completar os rótulos do debuxo:

«A lagarta é un réptil terrestre. A pel do seu corpo é fina e está totalmente cuberta de escamas.


Na súa cabeza, que se une ao tronco mediante un colo móbil, destacan os ollos con pálpebras, as aberturas dos oídos e os orificios nasais. Na boca teñen numerosos dentes diminutos e unha lingua, que o animal saca constantemente, pois nela se localiza o sentido do olfacto.

Do tronco saen as catro patas, que rematan en cinco dedas con uñas afiadas; con elas pode gabear. Tamén ten unha longa cola.

A lagarta respira por pulmóns e é ovípara».




7 Utiliza a información do debuxo para completar o texto.



O pardal é un vertebrado do grupo das O seu corpo está cuberto de agás nas patas traseiras, que están cubertas por..... e teñen..... dedos con afiadas As extremidades dianteiras son..... As longas plumas das..... e a sérvenlle ao animal para voar. Na cabeza deste animal destacan os ollos e o que é curto e forte, e que ten, na súa parte superior, os orificios..... As aberturas dos non son visibles porque están cubertas de plumas.

O pardal respira por pulmóns e é; é dicir, pon ovos.

8 Utiliza a información do debuxo para completar o texto.



O gato é un vertebrado do grupo dos..... e ten o corpo cuberto de, incluída a longa cola.

Na súa cabeza destacan os..... con pupilas, as orellas..... e os..... sensibles ao tacto. No interior da boca é notable a dentición de, con caninos ou..... longos e afiados.

As súas catro patas rematan en; as súas uñas, afiadas e en forma de gancho, son; é dicir, poden esconderse nos dedos.

O gato respira por pulmóns e pare as súas crías; é dicir, é